

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009998	CEIP de Mosteiro-Bembrive	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	6º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual (saber dicir), un coñecemento relativo ás destrezas (saber facer) e un coñecemento con grande influencia social e cultural e que implica un conxunto de valores e actitudes (saber ser). As competencias clave non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

O currículo da área está formulado partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional no que se atopa o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co contorno e da súa andaina cara a un pensamento máis abstracto ao final da etapa. Todos os aspectos da área de Ciencias da natureza son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

O CEIP Mosteiro-Bembrive está situado na localidade de Vigo. Conta con sete unidades de Educación Primaria e tres de Educación Infantil.

Alumnado

Esta programación didáctica preséntase como un instrumento que permitirá a organización da actuación docente no proceso de ensino-aprendizaxe dun grupo de nenos e nenas de 6º nivel de Educación primaria.

O grupo está formado por 25 alumnos/as.

As familias do alumnado pertencen maioritariamente a unha clase social, económica e cultural media e a súa participación é, en xeral, positiva, participando nas actividades propostas a nivel de aula e de centro.

A adecuación a este contexto determinado, a concreción do plan de actuación que se pretende levar a cabo na aula, e a flexibilidade na súa execución son as características desta programación.

Aspectos importantes desta programación de aula

Os aspectos importantes a ter en conta son:

- A atención á diversidade, individualización do traballo e educación en valores, á prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades.
- A contribución para a consecución das sete competencias clave.
- Os elementos transversais que se traballarán dende todas as áreas fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa o máis completo posible: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.
- O desenvolvemento dos valores, presentes tamén en todas as áreas.
- Flexibilidade da programación.
- Os obxectivos xerais da etapa, que son o referente desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A nosa saúde	1. Saúde e tecnoloxía 2. Niveis de organización no ser humano 3. Saúde e enfermidades 4. Enfermidades infecciosas 5. Enfermidades non infecciosas 6. Previr e tratar as enfermidades	15	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Os alimentos	1. Os nutrientes 2. Tipos de alimentos 3. Dietas equilibradas 4. Etiquetas 5. Alimentación inadecuada 6. A pataca	15	15	X		
3	Nutrímonos	1. Unha célula do noso corpo 2. A función de nutrición 3. A dixestión 4. A respiración 5. A circulación 6. A excreción	15	15	X		
4	Relacionámonos e reproducímonos	1. A nosa reprodución 2. Os órganos dos sentidos 3. O sistema nervioso 4. O aparello locomotor 5. O noso ciclo da vida 6. O aparello reproductor masculino 7. O aparello reproductor feminino	15	15		X	
5	Materia e enerxía	1. Cambios na materia 2. A flotación 3. Cambios nos corpos por acción das forzas 4. Os gases na natureza. Como se comporta a atmosfera 5. Mesturas 6. Enerxía 7. A luz 8. O son	15	15		X	
6	Electricidade e magnetismo	1. A electricidade 2. Circuitos eléctricos 3. Magnetismo 4. Electromagnetismo	10	15			X
7	As máquinas e os obxectos	1. As máquinas 2. As ferramentas 3. os avances tecnolóxicos 4. As tecnoloxías da información	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A nosa saúde	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece a morfoloxía externa e interna do corpo e identifica os aparellos e órganos.	PE	60
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos de vida saudable e valora a importancia dunha alimentación variada e equilibrada.	TI	40
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética. - Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Pautas para a súa prevención. - Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Os alimentos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece a morfoloxía externa e interna do corpo e identifica os aparellos e órganos.	PE	60
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos de vida saudables.	TI	40
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.

UD	Título da UD	Duración
3	Nutrímonos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece a morfoloxía externa e interna do corpo.	PE	70
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos de vida saudables.		
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información.	TI	30
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.

Contidos

- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.
- Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie.
- A función de relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor.
- A función de nutrición e aparellos que interveñen (respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- A función de reprodución. O aparello reprodutor e órganos que interveñen.
- Os cambios físicos, emocionais e sociais que supón a puberdade e a adolescencia para aceptalos de forma positiva tanto nun mesmo como nos demais. Educación afectivo-sexual.
- Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética.
- Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Pautas para a súa prevención.
- Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.
- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do soño, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.

UD	Título da UD	Duración
4	Relacionámonos e reproducímonos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece a morfoloxía externa e interna do corpo.	PE	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos de vida saudables.	TI	45
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A función de relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor. - A función de reprodución. O aparello reprodutor e órganos que interveñen. - Os cambios físicos, emocionais e sociais que supón a puberdade e a adolescencia para aceptalos de forma positiva tanto nun mesmo como nos demais. Educación afectivo-sexual. - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do soño, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.

UD	Título da UD	Duración
5	Materia e enerxía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	Recoñece e explica as diferente formas e fontes de enerxía.	PE	55
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre temas específicos.	TI	45
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información de diferentes fontes seguras e fiables.		
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseña e realiza experimentos guiados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social.		
CA3.1 - Identificar e analizar as características e as propiedades da materia a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas, instrumentos e procesos adecuados.	Identifica e analiza as propiedades da materia.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións as propiedades do aire analizando os principios básicos do voo.	Recoñece as propiedades do aire.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do soño, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas. - Propiedades da materia. Concepto de densidade e a súa relación coa flotabilidade dun obxecto nun líquido. - Realización de experiencias para estudar as propiedades de diferentes materiais de uso común. - As fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia na contribución ao desenvolvemento sustentable da sociedade. - As formas de enerxía e as súas transformacións. - As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica.

UD	Título da UD	Duración
6	Electricidade e magnetismo	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula e realiza predicións razoadas sobre temas específicos.	TI	100
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información.		
CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseña e realiza experimentos guiados.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social.		
CA3.1 - Identificar e analizar as características e as propiedades da materia a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas, instrumentos e procesos adecuados.	Identifica e analiza as características e as propiedades da materia.		
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	Recoñece e explica as diferentes formas e fontes de enerxía.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións as propiedades do aire analizando os principios básicos do voo.	Recoñece as propiedades do aire.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza recursos dixitais.		
CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Expón problemas de deseño.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos.		
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final que da solución a un problema de deseño.		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas. - Propiedades da materia. Concepto de densidade e a súa relación coa flotabilidade dun obxecto nun líquido. - Realización de experiencias para estudar as propiedades de diferentes materiais de uso común. - As fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia na contribución ao desenvolvemento sustentable da sociedade. - As formas de enerxía e as súas transformacións. - As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).

Contidos

- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados etc.) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
 - Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
 - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
 - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
 - Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
 - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
 - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
 - Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

UD	Título da UD	Duración
7	As máquinas e os obxectos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Expon problemas de deseño que se resolven coa creación dun prototipo ou solución dixital.		
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos.		
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final.		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño do produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do soño, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados etc.) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.

Contidos

- Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
- Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En canto a metodoloxía terase en conta os seguintes puntos

- Respecto ao ritmo madurativo do alumnado
- A aprendizaxe será funcional e significativa.
- Os contidos serán progresivos, continuando o traballo do curso de 5º de primaria.
- Clima da aula: positivo e acolledor, fomentando actitudes de respecto aos demais e ao material.
- Selección dos recursos metodolóxicos en función do alumnado e das actividades a realizar, recollidas nas programacións de aula.
- A distribución temporal variarán segundo a actividade, cansazo dos alumnos/as...
- Participación nas actividades formuladas no P.X.A. ao longo do curso. Participación nos distintos proxectos de centro do curso.
- Fomento e desenvolvemento dos temas transversais (programación en valores). Especial atención as relacións entre iguais con independencia do seu sexo: no traballo, no xogo...
- Actividades: introdutorias, de desenvolvemento, de reforzo e ampliación, de avaliación e autoavaliación (individuais e grupais).
- Estratexias: fomentaremos a autonomía na realización de tarefas, o traballo cooperativo facendo fincapé na responsabilidade individual e grupal.
- Utilizarase o libro dixital da aula virtual (E-Dixgal).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Libro virtual do/a alumno/a: Lingua castelá e Galega, Matemáticas, Lingua estranxeira, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Valores.
- Libros de lectura en lingua castelá e galego.
- TICS: proxeutor e ordenador, aula Steam
- Encerados.
- Presentación en Aula Virtual de todos os contidos das materias de linguas, matemáticas, ciencias da natureza, ciencias sociais e valores sociais e cívicos: material expositivo, contos, cancións, vídeos, lims, xogos, actividades interactivas...
- Cadernos e arquivador.
- Fichas cos contidos das áreas: investigación, introdución, reforzo, ampliación, avaliación.
- Biblioteca de aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante a área, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...

- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.

- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción.

Usaranse procedementos como:

- Recollida de datos do informe individualizado de 5º de primaria.
- Observación directa diaria.
- Recollida de datos: relacións clase, achegamento aos recursos, entendemento, instrucións..
- Expresión oral: Contar ao grupo clase ese mellor momento.
- Aspectos emocionais: Recollida de datos a partires de diferentes actividades.
- Comprensión oral: instrucións, exposicións orais, debates...
 - Avaliación individual de competencia lingüística : fichas, actividades de expresión escrita, expresión oral, ditados, etc.
 - Avaliación individual de competencias matemáticas: cálculo, problemas, cálculo mental...
 - Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	10	15	100
Proba escrita	60	60	70	55	55	0	0	45
Táboa de indicadores	40	40	30	45	45	100	100	55

Criterios de cualificación:

- Probas de avaliación inicial e de avaliación continua.
- Tarefas das fichas, libro, libro dixital (E-Dixgal), cadernos: orde, precisión, constancia.
- Tarefas presentadas na aula virtual: realización e resultados.
- Listas de control.
- Escala de observación.
- Rexistros anecdóticos.
- Diarios de clase.
- Rúbricas de traballo individual.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que pase de curso con materias suspensas levarase a cabo un seguimento do progreso nesas materias e se aplicarán medidas de reforzo para conseguir acadar positivamente os obxectivos nesas materias, establecendo os cambios necesarios, se fose necesario, na metodoloxía empregada.

6. Medidas de atención á diversidade

O grupo presenta non só ritmos distintos de aprendizaxe, senón tamén á posibilidade de que xurdan dificultades no proceso de ensinanza- aprendizaxe ao longo do curso. Polo tanto, será necesario a posta en práctica de mecanismos de reforzo ou ampliación a medida que xurdan estas dificultades, con actividades diferenciadas en función dos intereses e as necesidades do alumnado.

Partindo de que no grupo, hai diferencias de madurez entre o alumnado, nas decisións metodolóxicas teremos en conta a atención á diversidade do alumnado, e a consideración de distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, así tanto na práctica docente como na selección de contidos, teremos unha atención individualizada para cada neno/a, dando respostas ás súas necesidades, e tamén traballaremos en grupo e aproveitaremos a ensinanza entre iguais que permiten desenvolver a participación, a axuda entre iguais, a socialización e a resolución conxunta de tarefas potenciando a inclusión do alumnado.

Realizamos reunións coas familias e reunións de titoría informativas, ademais das que nos solicite a familia ou a titora.

Tomaranse medidas ordinarias para previr, compensar e facilitar a superación de dificultades leves, adecuando o currículo ordinario co fin de que o alumnado alcance as capacidades establecidas nos obxectivos de SEXTO. Estas poderán ser :

- Xerais organizativas, coordinando as actuacións do profesorado, optimizando os espazos, tempos, recursos ou materiais.
- Xerais curriculares, dando prioridade e seleccionando obxectivos e contidos mínimos e utilizando estratexias metodolóxicas que favorezan a participación e autonomía de todo o alumnado. No caso de medidas singulares faranse actividades de reforzo por parte das titoras e/ou especialistas, actividades de apoio en alumnado con dificultades en competencias básicas, adaptacións individuais non significativas do currículo e un seguimento individualizado de aqueles alumnos/as cuxa situación académica, persoal ou social así o aconselle.

Actividades de Reforzo: A titora e profesores de apoio reforzarán aos alumnos con dificultades , seleccionando tarefas máis sinxelas que facilitarán a comprensión dos contidos e con materiais manipulativos e TIC, principalmente.

Actividades de Ampliación: Os alumnos con facilidade na aprendizaxe disporán de tarefas de ampliación adaptadas aos contidos que se estarán a traballar.

Será necesario, por tanto, unha organización flexible para atender estas dificultades como a saída do grupo para realizar actividades de reforzo na aula de mestres de apoio.

Os recursos TICs terán moita importancia na atención a diversidade. O emprego de materiais didácticos interactivos resultará de grande utilidade para actividades complementarias de recuperación e adaptación curricular xa que permiten adaptarnos ao ritmo de traballo individualizado do neno/a e aos seus coñecementos previos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.		X			X	X	
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Descubrimento e coidado do medio físico, natural e social	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Afianzamento do espírito emprendedor.						X	X
ET.7 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- Recoñecemento do tempo e do lugar do texto.
- Identificación e análise dos personaxes.
- Ordenación da secuencia temporal.
- Recoñecemento e análise da acción.
- Expresión de opinións persoais.
- Identificación do tema e da idea principal.
- Análise da estrutura do texto.
- Interpretación da información visual.
- Organización da información aportada.
- Identificación de detalles do texto.
 - Produción de textos orais e escritos seguindo as pautas do Plan de Fomento da Lectura (descrito no apartado correspondente).
 - Lectura e interpretación de imaxes.
 - Busca de información dixital sobre diferentes temas.
 - Desenvolvemento persoal: Autoconcepto, autoestima...
 - Desenvolvemento social: Hábitos de comportamento adecuado, empatía, respecto, tolerancia coas outras persoas, dereitos e deberes humanos universais, prevención e resolución cívica de conflitos
 - Valores universais: Cooperación, solidariedade para comprender a realidade social.
 - Respecto polos sentimentos dos demais, a igualdade entre homes e mulleres, a convivencia co resto de membros da sociedade, coñecemento das ONG, respecto polas outras persoas, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación, o desenvolvemento sustentable e o medio ambiente.
 - Capacidade creadora e de innovación: creatividade, iniciativa, autoconecemento, autonomía, interese...
 - Capacidade pro activa para xestionar proxectos: capacidade de análise, planificación, toma de decisións, resolución de problemas, habilidade para traballar de xeito individual e en grupo, responsabilidade.
 - Capacidade de xestión e asunción de riscos e manexo da incerteza.
 - Calidades de liderado e traballo individual e en equipo, capacidade de representación e negociación.
 - Sentido crítico e da responsabilidade: pensamento crítico, sentido da responsabilidade.
 - Expresar mediante distintos medios os valores cívicos a conseguir.
 - Confeccionar murais, con letras, imaxes e debuxos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Educación financeira 2 de outubro	Taller	X		
Programa de prevención de drogas	Prevención de consumo de alcohol, drogas...	X		
Plan Director	Redes, bullying...		X	
Cine Salesianos	Película		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Libro de texto e actividades adecuadas

Metodoloxía empregada
Funcionalidade da programación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materias tecnolóxicos (Aula Edixgal)
Clima de traballo na aula
Despois do recreo, momento de traballar a calma na aula e hors de ler.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Recursos humanos, familias, profesores , compañeiros (comunidade educativa)

Descrición:

- Probas de avaliación inicial e de avaliación continua.
- Tarefas das fichas, libro, libro dixital (E-Dixgal), cadernos: orde, precisión, constancia.
- Tarefas presentadas na aula virtual: realización e resultados.
- Listas de control.
- Escala de observación.
- Rexistros anecdóticos.
- Diarios de clase.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é un elemento esencial do proceso de ensinanza- aprendizaxe que non só se aplica na aprendizaxe dos alumnos/as senón tamén na revisión da nosa práctica docente. A avaliación da programación e da actividade docente farase ao longo do curso, recollendo sistematicamente información relevante, co obxecto de reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado; introducindo os cambios e melloras que, no día a día, necesitamos introducir. Algúns deses cambios reflectiranse na programación do curso seguinte como elementos de mellora.

Motivación inicial dos alumnos/as:

- Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
- Propoño situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (traballos, diálogos, lecturas, xogos, vídeos,...)

Motivación ao longo de todo o proceso

- Manteño o interese dos alumnos/as partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada...
- Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real...
- Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas.

Presentación dos contidos

- Relaciono os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos.
 - Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (ideas previas, diálogo, imaxes, manipulación, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...)
 - Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, manipulando, xogo, formulando preguntas, hipóteses, buscando información, sintetizando, exemplificando, ...

9. Outros apartados